

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 14/07/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA ACCIDENTAL

MARÍA BERMÚDEZ OUTÓN

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 14/07/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 07-jul-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/2601

Dáse conta do orzamento presentado por RADIOSPECTRUM NETWORKS S.L., para o servizo de videovixilancia inalámbrica para a festa da auga o 15 e 16 de agosto de 2025, por un importe total de 5.776,06€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.22799.

O posto de mando avanzado ofertado por Radiospectrum é unha unidade móvil que pode ser desplegada en calquera ubicación, suxetándose aos horarios seguintes:

- Inicio do depósito: venres día 15 de agosto de 2025 ás 19:00h
- Fin do depósito: sábado día 16 de agosto de 2025 ás 19:00h.

Radiospectrum levará a cabo as seguintes actuacións:

- Video vixilancia: Visualización das imáxes das cámaras conectadas ao posto de mando avanzado (cableadas e inalámbricas) nos monitores ubicados no interior, para cubrir o campo de acción solicitado.

- Videograbación da escena filmada por totodas cámaras e a súa conservación atendendo á Lei de Protección de Datos, para que o Concello poida dispoñer da mesma se é necesario.

Para a execución do operativo, o Concello deberá contar co permiso de videovixilancia por parte da Subdelegación do Goberno.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1.- Aprobar o orzamento presentado por RADIOSPECTRUM NETWORKS S.L., relativo ao alquiler de posto de mando avanzado que prestará o servizo de videovixilancia inalámbrica para a festa da auga os días 15 e 16 de agosto de 2025, co seguinte horario:

- Inicio do depósito: venres día 15 de agosto de 2025 ás 19:00h

- Fin do depósito: sábado día 16 de agosto de 2025 ás 19:00h.

2.- Solicitar á Subdelegación do Goberno a autorización para levar a cabo os servizos de videovixianza e videograbación que se describren no presente acordo, e que se levaran a cabo os días 15 e 16 de agosto de 2025, con motivo da festa da auga.

PRP2025/2679

Vista a proposta da Concellería de Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por ARMERÍA SANTOS CAO SA, para o subministro de pistola e chaleco antibalas reglamentarios para axente de nova incorporación, por un importe total de 1.458,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 132-62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2695

Dáse conta de solicitude de Yineiri Coromoto Franco Cabrera para autorizar a realizar unha actuación na terraza do Bar Carril, na Praza da Liberdade nº8 de Carril o día 13 de xullo de 2025 en horario de 21:00 a 00:00hrs.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2696

Dáse conta de solicitude de Rafael Barreiro Moroño, para autorizar a celebración dunha romería, con motivo do 25 aniversario do local "La Bolsa" os días 11, 12 e 13 de xullo.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2697

Dáse conta do escrito presentado por Don José Antonio Rey Rodríguez, solicitando modificación das sinalizacións de restricción da circulación por peso máximo de 3.5 toneladas na parte da Rúa San Pedro e ancho superior a 2m, na Travesía Pena-Arealonga en Trabanca Badiña. Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda manter as limitacións sinaladas, xa que de retiralas o paso de vehículos pesados podería producir danos a unha propiedade cuxo nivel se atopa nun plano inferior á vía.

En canto a retirar a limitación do ancho, no punto da vía máis estreito que é de 2,10m, podería provocar que calquera vehículo podería quedar bloqueado ou causar danos a nas propiedades lindeiras.

PRP2025/2761

Dáse conta do escrito presentado por RICARDO RESUA S.L., comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para o día 13 de xullo de 2025, con motivo da celebración das Festas de San Antonio en Cea.

Dáse conta da documentación aportada e o informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2765

Dáse conta do escrito presentado por PIROTÉCNIA MILLARENGO FABRICA Y DISPARO S.L., comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para os días 16 de xullo de 2025, con motivo da celebración da Festa do Carme en Carril.

Vista a documentación aportada e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a realización do espectáculo de pirotecnia solicitado.

PRP2025/2770

Dáse conta do escrito presentado por PIROTECNIA MILLARENGO FABRICA Y DISPARO S.L., comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para os días 26 e 27 de xullo de 2025, con motivo da celebración das Festas de Santiago Apostol en Carril.

Vista a documentación aportada e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a realización do espectáculo de pirotecnia solicitado.

PRP2025/2771

Dáse conta de escrito presentado por D. Francisco Javier García Blanco, solicitando tarxeta de residente tipo: de titular ou representante dun establecemento comercial situado dentro dunha illa de peóns, para acceder con vehículo particular matrícula 4342KPL, á rúa Arapiles para realizar traballos de carga e descarga dentro do horario establecido.

Visto o informe da Policía Local, e comprobada a documentación presentada, a Xunta de Goberno Local acorda conceder ao Sr. García Blanco tarxeta de residente correspondente á zona 5- cor azul celeste.

PRP2025/2801

Dáse conta do seguinte informe da Policía Local:

Dáse conta que por mor das obras do tanque de tormentas da Avda Rodrigo de Mendoza, a sinalización da explanada dianteira de Fexdega (Pz Ramiro Carregal) non é visible ou é inexistente. Esta circunstancia implica que se producen estacionamentos indebidos que causan inconvintes ao tráfico interior da explanada. O mais concreto é que por non ser visible o carril de retorno que transcorre paralelamente a Avda Rodrigo de Mendoza, as filas chegan ata a beirarrúa polo que os vehículos que pretenden abandonar o estacionamento deben realizar complicadas manobras ou manobrar marcha atrás para poder saír do lugar, e moitos vehículos optan por circular pola beirarrúa causando desa maneira un aumento considerable na fatiga do pavimento que resulta xa con danos visibles, recomendándose o repintado da sinalización horizontal, así como a reparación da beirarrúa.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda requirir a Petrolam e Augas de Galicia, a reparación da beirarrúa colindante co carril de retorno e próxima a Avda. Rodrigo de Mendoza, e o restablecemento da sinalización.

PRP2025/2791

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa PEYCAR PONTEVEDRA SL o subministro de dous polos de M/C de uniformidade para un axente da Policía Local, por un importe total de 179,69€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2807

Dáse conta da proposta do presidente da Fundación de Deportes, en relación coa celebración da XXI Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía , que se vai celebrar o día 2 de agosto de 2025. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a cota de inscrición de 5,00€/participante na proba absoluta, de conformidade co Acordo Regulador nº III.5 en vigor.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2025/2805

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Promoción Económica e Emprego, para modificar o gasto do servizo de limpeza realizado pola empresa Clece S.A., ao Obradoiro Dual de Emprego Forme 2024, aprobado en Xunta de Goberno Local de data 16/12/2024.

Debido a que o Obradoiro Dual Forme 2024, finaliza o 01/09/2025 é necesario reducir o servizo de limpeza no mes de agosto de 2025, para poder presentar en tempo e forma a xustificación final.

Polo que o orzamento quedaría desagregado da seguinte maneira:

- Decembro 2024 (17 ao 31 de decembro) 228,92€ (IVE engadido)
- Xaneiro a Xullo de 2025 473,11€ (ive engadido)
- Agosto 2025 (1 ao 7 de agosto) 110,39€ (ive engadido)

O importe total do servizo modifícase pasando a ser de 3.651,08€(ive engadido) con cargo ao MÓDULO B da subvención para gastos de formación e funcionamento do proxecto 2024/3/FORME/1, mantendo a instalacións do Obradoiro Dual de Emprego "Forme 2024" en perfecto estado de limpeza(limpeza semanal das instalacións os martes e xoves).

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación do orzamento do contrato menor citado.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/2748

Dáse conta da publicación no DOG de data 10 de xuño de 2025, do extracto da Orde do 26 de maio de 2025, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro (códigos de procedemento ED314E).

O prazo de presentación da solicitude será dende o día seguinte ao da publicación do DOGA ata o 31 de xullo de 2025. A contía máxima da axuda non poderá superar os 9.000,00€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e acorda aprobar a solicitude de subvención.

PRP2025/2803

Dáse conta do informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música: Que por erro nos arquivos do deseño dos programas do festival clasclás, foi preciso proceder novamente á impresión de todos os solicitados á empresa BAÑOS PRINT SL non sendo suficiente

o importe retido e autorizado pola XGL na sesión do 19/05/2025, que ascendía a 1.320,30 €.

O importe final dos traballos realizados pola empresa citada ascende a 1.719,60 €, sendo preciso, por conseguinte, aumentar o importe autorizado e retido en 399,30 €. Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda: Aprobar un incremento de 399,30 € na PRP20258/1896 aprobada pola XGL na sesión do pasado 19/05/2025, a favor de BAÑOS PRINT S.L. ascendendo o importe final do gasto a 1.719,60 € (1.421,16 + 298,44 € do 21 % do IVE) que a empresa remitirá ao Concello, con cargo á partida 2025 3261 22602 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE Liña 1.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2752

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos, para o subministro de materiais bibliográficos para mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencias de lectura da Rede Municipal de Bibliotecas, por un importe total de 3.901,68€ (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22001, con cargo á subvención concedida pola Dirección Xeral de Cultura, ao abeiro das axudas para a mellora das coleccións bibliográficas, resolución do 1 de abril de 2025(concedida a cantidade de 3.901,89€)

- Librería Arousa-Espacio do Lector, S.L. por importe de 3.612,18€
- Metrópolis Cómic Vilagarcía por importe de 289,50€.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2790

Dáse conta da Memoria do Curso Académico 2024-2025 do Conservatorio Profesional de Música e remisión da documentación do fin de curso ó Servizo de Inspección Provincial de Educación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e datos de matriculación curso académico 2025-2026.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2792

Dáse conta das liquidacións pola venda de entradas da VIII Edición do Festival ClasClas 25: Unha vez finalizada a VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024, tense recibido da FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL – Afundación - as propostas de liquidación de prezos públicos pola venda de entradas dos diferentes eventos do festival así como o informe de venda de entradas que se achegan a este informe.

Dos ditos documentos se desprende o seguinte:

Concertos dos días 21,22,24,25,26,27 e 28 de xuño de 2025, cunha recadación para o Concello de Vilagarcía de Arousa de 19.219,00€

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local queda sabedora do ingreso na conta bancaria ES59 2080 3122 1031 1000 0076 do Concello de Vilagarcía de Arousa do importe de 19.219,00€ procedente das liquidacións pola venda de entradas da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025 segundo se especifica anteriormente e nas propostas de liquidación dos eventos remitidos por Ataquilla.com.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2025/2789

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura a través do Servizo de Normalización Lingüística, para autorizar o gasto par aa actividade de dinamización lingüística "Club de debate":

Primeiro. O Club de Debate é un proxecto de dinamización lingüística dirixido á mocidade no que participan varios concellos galegos en colaboración cos centros de ensino secundario. A este programa apúntanse os centros e coordínase nos servizos de normalización lingüística municipais dos concellos participantes. Este torneo por equipos pretende favorecer o uso do galego en contextos formais e informais, pero tamén atende cuestións como o traballo en equipo e o fomento do pensamento crítico, da tolerancia e da diversidade de opinións.

Segundo. A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 23/12/2024, adoptou, entre outros, o acordo CULTURA-PRP/2024/4974, polo que se aprobou a previsión de gasto por importe de 8000,00 euros para o citado proxecto «Club de Debate 2024-25, XII edición» con cargo á partida 334.22637 do orzamento de 2025. Así mesmo, aprobouse o gasto de 1.000,00 euros en concepto de desprazamento consonte o orzamento presentado pola empresa Pereira SL.

Terceiro. O departamento de Intervención tomou conta da autorización de gasto (n.º apunte previo 920249000037).

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda

Primeiro. Aprobar a adxudicación do gasto correspondente á actividade «Club de Debate 2024-25» consonte os seguintes datos:

PROVEDOR	CIF
XOSÉ ANTONIO FORMOSO LADO (FABALOA)	78794946M
RÚA DO LAVADOIRO, 4, 15145 CAIÓN (A CORUÑA)	

Orzamento:

CONCEPTO		CUSTO (€)
Xestión de xantares e equipamento de son e imaxe para a final do Club de Debate Alingua 2024-25		3.324,00
	Subtotal	3.324,00
	IVE (21%)	698,04
	Base imponible + IVE	4.022,04
	IRPF (15%)	498,60

N.º apunte previo: 920249000037

Partida: 334.22637-SERV. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Segundo. Reintegrar á partida 334.22637-SERV. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA a diferenza do importe entre o gasto autorizado (7000,00 euros) e o gasto final 4022,04 (euros), isto é: 2977,96 euros.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2025/2806

Vista a proposta da Concellería de Turismo para aprobar os gastos do do programa "Goza do Ulla", que se levará a cabo o 6 de setembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

- A aprobación dos gastos do programa "Goza do Ulla, por un importe total de 1.045,26 €, con cargo á partida orzamentaria 432.22610, coa seguinte desagregación:

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE € (IVE ENGADIDO)
Aluguer de Stand e azafata	FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA CIF G 36.155.208	90,61
Edición de folletos e carteis	EIXOPRINT JESUS CEBEIRO MALLO 44805236V	108,90
XESTIÓN DE REDES SOCIAIS	ZEROZERO IMAGEN Y COMUNICACIÓN S.L. NIF: B36987972	121,00
AVITUALLAMENTO NA RUTA	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A. CIF: A36.036.739	150,00
SINALIZACION DO PERCORRIO DA RUTA EN VILAGARCÍA E GUIA	OFTEFOR CB C.I.F.-E 36418283	574,75
		1.045,26

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/2794

Dende a área de Igualdade se presenta á XGL a documentación correspondente para a aprobación dun Convenio de colaboración co Centro de Formación Kaemé Consultoría e Prevención S.L. ubicado na Praza de Galicia 10, de Vilagarcia de Arousa.

O Convenio de colaboración é referido ao desenvolvemento de prácticas non laborais para a Formación profesional de Grao C conducentes a obtención de Certificados Profesionais.

O Certificado de Profesionalidade que está a desenvolver o Centro de Formación Kaemé é de Promoción da Igualdade efectiva para mulleres e homes, sendo os seus contidos compatibles co traballo desenvolvido dende a área de igualdade en canto á promoción e sensibilización en Igualdade de xénero.

O número de horas de formación en empresa que deberá realizar a alumna en prácticas é de 120 horas. Levaranse a cabo en xornada de 08,00 a 14,00h entre o 06 de agosto e o 3 de setembro. A profesional que realizará as funcións de tutoría será Paula Rodríguez Beltrán, axente de igualdade da área de Igualdade -CIM.

Tendo en conta o exposto a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación dos documentos que se adxuntan e se detallan seguidamente a súa sinatura por parte do Alcalde.

Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de Plans de Formación profesional de Grao C.

CULTURA

PRP2025/2772

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Faxilde por un importe total de 1.887,40€ con cargo á partida 334.22703:

PROVEEDOR	ARTÍCULO	TOTAL
Distribuciones Froiz SA CIF-A36036739	Produtos alimentación segundo orzamento presentado	353,59€
Distribuciones Froiz SA CIF-A36036739	Material (televisor, barra són, ventilador)	639,80€
Juan José Canto Búa NIF-35465040Y	Produtos de limpeza segundo orzamento presentado	731,66€
Pérez Carballo C.B CIF-E94096997	Material oficina	162,35€
	TOTAL	1.887,40€

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2777

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación MM.RR. e Consumidoras Perla de Arousa de Renza por un importe total de 1.444,12€ con cargo á partida 334-22703, coa seguinte desagregación:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	IMPORTE
CASTROMAN ISL	B36406650	Material	1.395,70 €
DISTRIBUCIONES FROIZ SL	A36036739	MATERIAL	48,42 €
		TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL	1.444,12€

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2787

Dáse conta do borrador do convenio de colaboración, para a xestión do Centro Cultural de O Piñeiro, de titularidade non municipal, entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a entidade Asociación de Veciños do Piñeiro e Santa Mariña, para a súa posterior sinatura.

O Concello entre outras, comprométese a asumir ata un importe anual máximo de 2.000,00€, que se pretende imputar con cargo a aplicación orzamentaria 334-48201 para gastos e inversións vencellados a actividades culturais e de ocio, cursos de formación, equipamento, mobiliario e labores de limpeza desenvolvidas no centro, por un período de 2 anos, previsto por anualidades nas seguintes contías:

-	Ano	2025:	2.000,00€
-	Ano 2026:		2.000,00€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

CONTRATACIÓN**PRP2025/2707**

Dáse conta da concesión de subvención da Deputación de Pontevedra ao Concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 Liña 1 Investimentos, co obxecto do financiamento do investimento "Humanización da Rúa Bouza de Abaixo Vilaxoán, cuxo orzamento ascende a 775.759,57€, quedando a concesión configurada do seguinte xeito:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN 2025	PLAN	+PROVINCIA	ACHEGAS ADMINISTRACIÓNS	DOUSTAS	FONDOS CONCELLO	PROPIOS	DO
775.759,57€	775.759,57€			0,00€		0,00€		

PRP2025/2793

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Servizos e Obras Públicas para a aprobación da "Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea":

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa, celebrada o 28 de outubro de 2024, entre outros acordos, aprobou o proxecto técnico denominado «Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea», cun orzamento de execución por contrata de 92.390,94 €. Tramítase a instancia da Concellería de Servizos e Obras Públicas, expediente de contratación para adxudicar as obras incluídas no proxecto «Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea», ditándose Providencia de Incoación, con data 30 de maio de 2025.

Consta autorización Augas de Galicia, de data 1 de abril de 2025, para as obras descritas no proxecto técnico de referencia. Asemade, con data 26 de xuño de 2025 outorgouse por Augas de Galicia autorización de vertido.

No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: memoria xustificativa de necesidade, providencia de incoación, proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), informe de non división en lotes, prego de cláusulas administrativas particulares e informe xurídico. Polo exposto, e visto que o expediente de contratación foi completado, previa incorporación do informe de fiscalización pola Intervención Municipal, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, para adxudicar o contrato de obras de «Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea».

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato, cun orzamento de licitación (IVE incluído) de 92.390,94 €.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 92.390,94€, con cargo á aplicación orzamentaria 160.60900.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público.

PRP2025/2808

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanimso, para adxudicar o contrato de obra denominado "Recuperación acceso Castro Alobre a través do Parque Botánico Valdés Bermejo":

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 28 de abril de 2025, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas e os seus anexos, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato de obras de Recuperación acceso Castro Alobre a través do parque Botánico Valdés Bermejo.

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron os seguintes licitadores: CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L., CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), CONSTRUCCIONES VALE, S.L., EXCAV.Y CONST.LAUREANO COVELO,SA, FARIDO S.L., HORBAN HORMIGONES S.L., MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., NAROM SL, NEMESIO ORDOÑEZ, S.A., NOVAVIAL S.L. y SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL.

Os licitadores do contrato de obra de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

LICITADOR	Oferta económica sin IVA	MEJORA: aumento del plazo de garantía fijado en los pliegos
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L	151.800,00 €	Sí (4 años)
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L	173.125,70 €	Sí (4 años)
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	173.073,45 €	Sí (4 años)
CONSTRUCCIONES VALE, S.L	136.967,86 €	Sí (4 años)
EXCAV.Y CONST.LAUREANO COVELO,SA	144.526,87 €	Sí (4 años)
FARIDO S.L.	148.776,64 €	Sí (4 años)
HORBAN HORMIGONES S.L.	152.172,96 €	Sí (4 años)
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	161.473,68 €	Sí (4 años)
NAROM SL	169.903,55 €	Sí (4 años)
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	144.962,30 €	Sí (4 años)
NOVAVIAL S.L	169.833,88 €	Sí (4 años)
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	137.995,47 €	Sí (4 años)

Previo emisión dos informes técnicos oportunos e aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, resulta a seguinte valoración:

LICITADOR	Oferta económica sin IVA	Puntuación oferta económica	Puntuación mejora: incremento del plazo de garantía fijado en los pliegos	TOTAL PUNTOS
Construcciones Vale, S.L.	136.967,86 €	20	80	100 (Propuesto para adjudicación)
Servicios Mediambientales del Miño, S.L.	137.995,47 €	19,45	80	99,45
Escav. Y Const. Laureano Covelo, S.L.	144.526,87 €	15,94	80	95,94 (Propuesto para exclusión)
Nemesio Ordóñez, S.A.	144.962,30 €	15,70	80	95,70 (Propuesto para exclusión)
Farido, S.L.	148.776,64 €	13,65	80	93,65 (Propuesto para exclusión)
Construcciones Caldevergazo, S.L.	151.800,00 €	12,03	80	92,03
Horban Hormigones, S.L.	152.172,96 €	11,83	80	91,83

Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	161.473,68 €	6,83	80	86,83
Novavial, S.L.	169.833,88 €	2,33	80	82,33
Narom, S.L.	169.903,55 €	2,29	80	82,29
Construcciones, Obras y Viales, S.A.	173.073,45 €	0,59	80	80,59
Construcciones E.C. Casas, S.L.	173.125,70 €	0,56	80	80,56

A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación, formulándose polo citado órgano de asistencia, na súa sesión, do 26 de xuño de 2025, no seguinte senso:

“Una vez propuesta la admisión de las mercantiles CONSTRUCCIONES VALE, S.L. y SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. y la exclusión de los licitadores EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO,S.A., FARIDO S.L. y NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.; y de conformidad con la evaluación de las propuestas aportadas por los licitadores, la Mesa de contratación concluye la siguiente lista ordenada de manera decreciente de puntuación de acuerdo a las puntuaciones obtenidas por los licitadores en las diferentes fases:

Orden: 1NIF: B36024933 CONSTRUCCIONES VALE, S.L. Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orden: 2NIF: B27815182 SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 99.45

Total puntuación: 99.45

Orden: 3NIF: A36029239 EXCAV.Y CONST.LAUREANO COVELO,SA

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 95.94

Total puntuación: 95.94

Orden: 4NIF: A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 95.7

Total puntuación: 95.7

Orden: 5NIF: B15155617 FARIDO S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 93.65

Total puntuación: 93.65

Orden: 6NIF: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 92.03

Total puntuación: 92.03

Orden: 7NIF: B70525944 HORBAN HORMIGONES S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 91.83

Total puntuación: 91.83

Orden: 8NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 86.83

Total puntuación: 86.83

Orden: 9NIF: B70538459 NOVAVIAL S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 82.33

Total puntuación: 82.33

Orden: 10NIF: B36163418 NAROM SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 82.29

Total puntuación: 82.29

Orden: 11NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 80.59

Total puntuación: 80.59

Orden: 12NIF: B36147429 CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 80.56

Total puntuación: 80.56

Á vista do que antecede, a Mesa de contratación, por unanimidade, e conforme ao disposto polo art. 159.4 f) da Lei de Contratos do Sector Público, acorda:

1.- Propoñer ao órgano de contratación a admisión das ofertas das mercantís CONSTRUCCIÓN VALE, S.L. e SERVICIOS AMBIENTALES DO MIÑO, S.L. ao entender xustificadas as súas ofertas anormalmente baixas e a exclusión das ofertas das empresas ESCAVACIÓNS E CONSTRUCCIÓN LAUREANO COVELO,S.A., FARIDO S.L. e NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A., #de acordo con o informe emitido polo arquitecto municipal sobre a baixa anormal ou desproporcionada na que incorrían as súas ofertas.

2.- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado “Recuperación acceso ao Castro Alobre a través do parque Botánico Valdés Bermejo”, cun orzamento de licitación de 174.170,73 € (sen IVE); 210.746,58 € (con IVE); á empresa con NIF: B36024933 Construcción Vale, S.L. de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 336-61900.

- A oferta do licitador é a seguinte: - Prezo ofertado: 136.967,86 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 28.763,25 €, o que totaliza un importe de 165.731,11 € (IVE incluído).

- Melloras: Mellora: aumento do prazo de garantía fixado nos pregos (1 ano), en 4 anos adicionais, resultando un prazo de garantía total de 5 anos.”

Visto o que antecede, e téndose completado o expediente de contratación e incorporada ao expediente a documentación á que fai referencia o artigo 150.2 da LCSP, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Excluir aos licitadores EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO,S.A., FARIDO S.L. e NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A., de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal sobre as baixas anormais ou desproporcionadas, ao non xustificar suficientemente a baixa desproporcionada na que incorrían as súas ofertas.

2.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Recuperación acceso ao Castro Alobre a través do parque Botánico Valdés Bermejo”, cun orzamento de licitación de 174.170,73€ (sen IVE);

210.746,58 € (con IVE) á empresa con NIF: B36024933 CONSTRUCCIONES VALE, S.L. de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 336-61900.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 136.967,86 (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 28.763,25 €, o que totaliza un importe de 165.731,11 € (IVE incluído).

- Melloras:

- Mellora: aumento do prazo de garantía fixado nos pregos (1 ano), en 4 anos adicionais, resultando un prazo de garantía total de 5 anos.

3.- Nomear ao arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado CT 72/2023-e “Recuperación acceso ao Castro Alobre a través do parque Botánico Valdés Bermejo”.

PRP2025/2809

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Servizos e Obras Públicas, para adxudicar o contrato de obra denominado "Reforma e ampliación do sanemanto nun tramo da Avda Rosalía de Castro (O Carril):

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 5 de maio de 2025, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas e os seus anexos, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato de obras de Reforma e ampliación do saneamento nun tramo da avenida Rosalía de Castro (O Carril).

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron os seguintes licitadores: CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U., CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU, CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L., CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U., CONSTRUCCIONES VALE, S.L., EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, MONCOSA OHS, S.A., MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L., MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., NAROM SL, NEMESIO ORDOÑEZ, S.A., NOVAVIAL S.L e VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.

Os licitadores do contrato de obra de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	MELLORA: aumento do prazo de garantía fixado nos pregos	Mellora da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos
CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	101.160,49 €	SÍ (3 años)	NO
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L	81.800,00 €	SÍ (3 años)	SÍ
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	99.803,99 €	SÍ (3 años)	sí
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	96.675,93 €	SÍ (3 años)	SÍ
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	96.392,49 €	SÍ (3 años)	SÍ

CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	93.881,95 €	SÍ (3 años)	SÍ
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	92.242,00€	SÍ (3 años)	SÍ
MONCOSA OHS, S.A.	98.700,00 €	SÍ (3 años)	SÍ
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	95.147,35 €	SÍ (3 años)	SÍ
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	92.393,85 €	SÍ (3 años)	SÍ
NAROM SL	101.099,74 €	SÍ (3 años)	SÍ
